

Comisión de usuarios. 23 de xuño de 2010

Orden do día:

1. Aprobación, se proceder, da acta da última comisión
2. Informe da dirección
3. Renovación da Comisión de Usuarios
4. Aprobación, se proceder, de proceder, de proposta de cambio de tarifas e tarificación de cursos de formación para usuarios externos
5. Aprobación, se proceder, de proposta de unha nova unidade de augas
6. Rogos e preguntas

Comisión de usuarios. 23 de xuño de 2010

1. Acta da reunión anterior

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE USUARIOS DOS SERVIZOS DE APOIO Á INVESTIGACIÓN, DE 4 DE DECEMBRO DE 2009

No salón de actos do Edificio de Servizos Centrais de Investigación, ás 12:30 horas, en segunda convocatoria, celébrase a reunión ordinaria da Comisión de Usuarios dos Servizos de Apoio á Investigación (SAI) da Universidade da Coruña, por convocatoria da súa Presidenta, a Vicerreitora de Investigación Dona Concepción Herrero López, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se proceder, da acta da reunión anterior
2. Informe da dirección
3. Aprobación, se proceder, da proposta de tarifas para o ano 2010
4. Rogos e preguntas

e sendo a relación de asistentes:

Concepción Herrero López, Presidenta
Jaime Rodríguez González, Director dos S.A.I.
Jordi Delgado Martín
Pilar Rodríguez Barro
Andrés Martínez Lage
Andrés de Blas Varela
Soledad Muniategui Lorenzo
José María Aguiar Paz

Comisión de usuarios. 23 de xuño de 2010

1. Acta da reunión anterior

Punto 1º. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA ACTA DA REUNIÓN ANTERIOR

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da anterior reunión, celebrada con data de 19 de xuño de 2009.

Punto 2º. INFORME DA DIRECCIÓN

Xúntase a esta Acta a información eexposta pola dirección, en formato electrónico, e faise un breve resumo a continuación.

I. Novo equipamento.

A principio de ano finalizouse a instalación dos dous microscopios confocais, un deles destinado a aplicacións biolóxicas e outro ao estudo de materiais.

Adquiriuse un autoclave de microondas de alta presión para a unidade de Espectrometría de Plasma-Masas, para o que se contou con financiamento FEDER. Na mesma solicitude de financiamento inclúense equipamentos de preparación de mostras para a Unidade de Análise Estrutural pendentes de adquisición.

Para a adquisición dun sistema de análise de relacións isotópicas de isótopos estables, contanto tamén con financiación FEDER, recibíronse dúas ofertas. A primeira, presentada por Nu technologies, implicaba a instalación de dous instrumentos (un para análise de C, N, H e O, e un segundo para análise de S), e supoñía unha inversión considerable en espazo e acondicionamento de instalacións. A segunda, presentada por Thermo Fisher Scientific e que resultou seleccionada, permite a análise simultánea de todas as especies cun único instrumento. Asemade, o equipo adquirido permite o acoplamento dun sistema GC, e no futuro podería instalarse unha interface para HPLC.

Atópanse en fase de concurso:

- Suministración dun bioanalizador de expresión xénica. Corresponde a un proxecto que non acadou financiamento do FEDER, pero para o que se conta con financiamento externo. O servizo está pendente de recibir as ofertas.

Comisión de usuarios. 23 de xuño de 2010

1. Acta da reunión anterior

- Adquisición dun sistema LIMS. Trátase dunha ampliación da aplicación informática actualmente implantada para a xestión de mostras, equipos, stocks, etc... no servizo. A función do LIMS sería completar a información dos procesos realizados nos laboratorios, pasando a xestión do formato en papel a formato electrónico.

2. Recursos humanos

Solicitáronse dous tecnólogos baixo o programa Isabel Barreto, con destiño á unidade de xeocronoloxía (FPII) e ao laboratorio de augas (licenciado), neste último caso para atender o aumento nas necesidades de persoal asociado á implantación e acreditación de ensaios baixo a norma ISO 17025.

Solicitouse un informático baixo o programa Lucas Labrada.

3. Enquisas de satisfacción.

Este ano non foi posible a súa realización nas datas habituais pola sobrecarga de traballo na Unidade Técnica de Calidade. Esta xa en marcha a fase correspondente aos usuarios de tipo A, e o prazo de resposta é ata o 30 de decembro. O prazo de resposta para outros usuarios finalizará a mediados de xaneiro.

4. Auditoría ISO/UNE17025

Resultou unha non conformidade, relacionada co desenvolvemento da auditoría interna, que se solventará mediante a realización dunha nova auditoría interna por parte dunha empresa contratada ao efecto. Para solventarfa fàrase una nueva auditoría interna, por una empresa externa, durante este mes. Aparecen asemade unha serie de observacións que tamén se deberán ter en conta.

O servizo ten o propósito de aumentar o alcance da acreditación de dioxinas, para incluír a análise de policlorobifenilos (PCBs).

En 2010 será preciso abrir un novo expediente para a acreditación das medidas de diversos parámetros en mostras de auga, dado que non é posible extender o alcance da actual acreditación para que os contemple.

Comisión de usuarios. 23 de xuño de 2010

1. Acta da reunión anterior

5. Plano de infraestructuras

En 2010 celebráranse xuntanzas entre os usuarios de cada unidade e os técnicos para definir novos equipamentos a adquirir. Débese considerar que o próximo período de convocatorias FEDER será o derradeiro.

Punto 3º. APROBACIÓN, SE PROCEDER, DA PROPOSTA DE TARIFAS PARA O ANO 2010

Preséntase a proposta de tarifas para o ano 2010, para aprobar a súa elevación ao Consello Social. Manteñense os prezos sen suba por segundo ano consecutivo. Modifícanse, según documento remitido a la comisión, algúns conceptos para facer máis axeitada a tarificación, sempre sen aumentar prezos. Establécense requirimentos para a análise isotópica de mostras enriquecidas en ^{15}N , que afectan só a mostras con niveis de enriquecemento moi altos. Soledad Muniategui pide unha aclaración sobre a nota relativa á filtración das augas, e suxire que pode resultar confusa.

Apróbase por unanimidade a presentación da proposta ao Consello Social.

Punto 4º. ROGOS E PREGUNTAS

Andrés de Blas, reitera a pregunta realizada na anterior reunión sobre a falta de determinada información na páxina web do servizo. O director refire determinados problemas de implantación da nova páxina web, que se espera ter en funcionamento a primeiros de 2010.

Soledad Muniategui quere insistir na necesidade de que os prazos de entrega de resultados non excedan un máximo, sinalando que en ocasións os prazos superan os 3 meses no caso dalgúns análises da UEPMS, o que chega a invalidar os resultados, e achacando estas incidencias á necesidade dunha maior dotación de persoal. O director sinala que durante os últimos dous meses, coa incorporación dunha nova persona á UEPMS, estase a conseguir estabilizar os prazos de entrega. Alicia Cantarero expón que os prazos de entrega máis dilatados producíronse en relación con períodos de baixa e en coincidencia con actividades formativas. Soledad Muniategui plantexa a necesidade de

Comisión de usuarios. 23 de xuño de 2010

1. Acta da reunión anterior

que os tempos de resposta e as expectativas ofrecidas aos usuarios coincidan, e de que o persoal sexa suficiente para manter os prazos estables.

Jorge Delgado pregunta se hai un proxecto de ampliación de plantilla no servizo de cara á próxima modificación da RPT. O director responde que se enviou unha proposta á Xerencia, na que se solicita personal para as unidades que viron máis incrementada a súa carga de traballo.


Jorge Delgado pregunta pola solución que se vai dar para o futuro do laboratorio de Xeocronoloxía, toda vez que a persoa ao cargo finalizou a súa relación contractual coa Universidade. O director informa que o equipo pendente de poñer en marcha xa está funcionando, ao menos parcialmente. Dispónse dun compromiso da empresa Thermo para dar soporte como mínimo durante o vindeiro ano. Notificouse ao Instituto de Xeoloxía a posibilidade de utilizar o laboratorio en autoservizo mentres non estea dotado de persoal, tendo en conta sempre a normativa que aplica á sala de termoluminiscencia como instalación radiactiva. A Vicerreitora engade que se contemplará a posibilidade de dotar de persoal ao laboratorio, téndose en conta a demanda analítica para o mesmo.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as 14:00 horas.

Comisión de usuarios. 23 de xuño de 2010

2. Informe da Dirección: *Memoria 2009*

Evolución do rexistro de mostras




**Incremento 18 %. No 2009
rexistráronse 69.675 mostras**

Comisión de usuarios. 23 de xuño de 2010

2. Informe da Dirección: *Memoria 2009*


Evolución de determinacións




**5 % incremento
(87.605)**

Comisión de usuarios. 23 de xuño de 2010

2. Informe da Dirección: *Memoria 2009*




**Determinacións 2009
segundo o tipo de usuario**



Comisión de usuarios. 23 de xuño de 2010

2. Informe da Dirección: *Memoria 2009*


Evolución da facturación





Comisión de usuarios. 23 de xuño de 2010


2. Informe da Dirección: *Memoria 2009*



Comisión de usuarios. 23 de xuño de 2010

2. Informe da Dirección: *Memoria 2009*

Facturación por departamentos e outros centros



Comisión de usuarios. 23 de xuño de 2010

2. Informe da Dirección: Nova páxina web



Comisión de usuarios. 23 de xuño de 2010

2. Informe da Dirección: Novo equipamento



Espectómetro de masas de relacións isotópicas Deltav
Advantage con analizador elemental ThermoFisher
Scientific FlashEA2000 HT CHNS-O

Comisión de usuarios. 23 de xuño de 2010

2. Informe da Dirección: Novo equipamento



GeneChip Hybridization Oven 645



GeneChip Scanner 3000 7G

Comisión de usuarios. 23 de xuño de 2010

2. Informe da Dirección: Revisión sistema de gestión ISO 9001:2000 de SGS



Auditoria 15/03/2010

Renovada

Comisión de usuarios. 23 de xuño de 2010

2. Informe da Dirección: Acreditación 17025 ENAC de ensayo de dioxinas



Auditoria 11/12/2009
Renovada

Comisión de usuarios. 23 de xuño de 2010'

2. Informe da Dirección: Ampliación de la acreditación 17025

Los ensayos a acreditar son los siguientes:

- Determinación de nitrógeno Kjeldhal
 - Determinación de los sólidos en suspensión
 - Medida del pH
 - Determinación de la demanda química de oxígeno (DQO)
 - Determinación de la demanda bioquímica de oxígeno (DBO5)
 - Determinación de la conductividad
-
- Determinación de fósforo total
 - Determinación de metales y metaloides por ICP

U
T
I
A

U
E
P
M
S

ENVIADA E PENDENTE DE FECHA DE AUDITORIA

Comisión de usuarios. 23 de xuño de 2010'

3. Renovación da Comisión de Usuarios

Regulamento dos SAI, Artigo 7:

A participación activa das persoas usuarias da UDC no seguimento das actividades dos SAI, un feito imprescindible para garantir o seu desenvolvemento adecuado, realizarase a través da Comisión de Usuarios.

A comisión estará constituída polo/a vicerreitor/a de Investigación, que a presidirá, polo/a director/a dos SAI, que actuará de vicepresidente/a, por, cando menos, un representante dos usuarios por cada unha das unidades e por tres representantes do persoal laboral adscrito aos servizos. Ademais do/a presidente/a e do/a vicepresidente/a, elixirase un secretario/a entre os restantes membros da Comisión.

Os representantes dos usuarios serán elixidos pola Comisión de Investigación, que informará o Consello de Goberno por un período máximo de **catro anos**. Ademais, garantirase a representatividade das distintas áreas de coñecemento usuarias dos servizos e dos distintos campus da UDC.

Comisión de usuarios. 23 de xuño de 2010'

4. Aprobación, se proceder, de proceder, de proposta de cambio de tarifas e tarificación de cursos de formación para usuarios externos
-

a. Tarifas de cursos a externos

b. Tarifas de servicio de Secuenciación: Precio Actual 8.91.
Propuesta 6.00 euros

c. Proposta de descuentos aos usuarios internos (posta a punto de novos métodos)
Propuesta 30% de abono sobre ese ensayo

Comisión de usuarios. 23 de xuño de 2010

5. Aprobación, se proceder, de proposta de unha nova unidade de augas

Ensayos a acreditar según la norma 17025

Determinación de nitrógeno Kjeldhal

- Determinación de los sólidos en suspensión
- Medida del pH
- Determinación de la demanda química de oxígeno (DQO)
- Determinación de la demanda bioquímica de oxígeno (DBO5)
- Determinación de la conductividad

ANÁLISIS ELEMENTAL. Combustión, EMRI (3 equipos: MAT, 2 Delta V)

UTIA

Unidade de augas UAA

Comisión de usuarios. 23 de xuño de 2010

5. Aprobación, se proceder, de proposta de unha nova unidade de augas

Unidade de augas UAA

Determinación de nitróxeno Kjeldhal

- Determinación de los sólidos en suspensión
- Medida del pH
- Determinación de la demanda química de oxígeno (DQO)
- Determinación de la demanda bioquímica de oxígeno (DBO5)
- Determinación de la conductividad

TOC

ANÁLISIS DE ANIONES

Parámetros físico-químicos de aguas

COORDINAR LOS OTROS ENSAYOS:

UTC (emergentes, etc.)


UEPMS (metales en aguas)

UTIA (EMRI en aguas)

Comisión de usuarios. 23 de xuño de 2010

5. Aprobación, se proceder, de proposta de unha nova unidade de augas

Unidade de augas UAA



Comisión de usuarios. 23 de xuño de 2010

5. Aprobación, se proceder, de proposta de unha nova unidade de augas

Unidade de augas UAA





6. Rogos e preguntas